



Cofinanciado por  
la Unión Europea



ATHENA



ERASMUS+ PARTNER

**RESOLUCIÓN REITORAL DE CORRECCIÓN DE ERROS DA R.R. DE 18/12/2025 POLA QUE SE CONCEDE UNHA BOLSA ERASMUS+ KA131 A NICOLÁS SANCHO ALJÁN, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NO CURSO 2025-2026 AO ABEIRO DA CONVOCATORIA ERASMUS+ PRÁCTICAS PUBLICADA POR R. R. DE 20 DE MAIO DE 2025**

Publicada por resolución reitoral de 18 de decembro de 2025 a concesión dunha bolsa Erasmus+ Prácticas KA131 á estudante **Nicolás Sancho Alján**, para a realización de prácticas no curso 2025-2026, ao abeiro da convocatoria Erasmus+ KA131 (R.R. de 20/05/2025).

Detectado erro na resolución de concesión mencionada do 18/12/2025, respecto á duración da estadia a financiar e, en consecuencia, respecto ao importe da bolsa máximo concedida, tendo en conta o punto 5.1 da convocatoria, que establece que o periodo de realización das estadias deberá estar comprendido entre o 1 de xullo de 2025 e o 17 de xullo de 2026, e en base ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta reitoría,

**RESOLVE:**

Modificar e corrixir o importe da bolsa máxima concedida do seguinte xeito:

Onde dí:

Centro de orixe: **Escola de Enxeñaría Industrial**  
Titulación: **Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais**  
Destino: **Hochschule für Technik und Wirtschaft des Saarlandes**  
País: **Alemaña**  
Tipo de Prácticas: **Training (Prácticas Extracurriculares)**  
Duración da estadia: **135 días (16/03/2025-31/07/2025)**  
Importe da bolsa máximo: **2559 €**

Debe dicir:

Centro de orixe: **Escola de Enxeñaría Industrial**  
Titulación: **Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais**  
Destino: **Hochschule für Technik und Wirtschaft des Saarlandes**  
País: **Alemaña**  
Tipo de Prácticas: **Training (Prácticas Extracurriculares)**  
Duración da estadia: **122 días (16/03/2025-17/07/2025)**  
Importe da bolsa máximo: **2.342 €**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, a persoa interesada poderá optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación desta resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica  
O reitor  
Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)  
A vicerreitora de Internacionalización  
M<sup>a</sup> Isabel del Pozo Triviño

